



**Colexio Oficial  
de Biólogos  
de Galicia**

Banquete de Conxo,6-baixo  
Apartado 1130.  
15780- SANTIAGO (A Coruña)  
Tel. 981- 53 14 40  
Fax. 981- 53 42 25  
info@biologosdegalicia.org  
www.biologosdegalicia.org

Santiago, febreiro de 2013

Estimada/o compañeira/o:

 Colexio Oficial de Biólogos de Galicia	
<b>ENTRADA</b>	<b>SAÍDA</b>
Nº _____	Nº <u>27</u>
Data _____	Data <u>28/2/13</u>

O pasado día 15 de febreiro tomamos posesión dos nosos cargos os membros da Xunta de Goberno, resultado das eleccións convocadas en decembro. O noso perfil persoal básico aparece no enlace [http://www.biologosdegalicia.org/pdf/xunta\\_de\\_goberno.pdf](http://www.biologosdegalicia.org/pdf/xunta_de_goberno.pdf).

O Colexio de Biólogos leva vinte e seis anos en Galicia. Neste tempo fomos protagonistas (así é na parte que nos corresponde) dos cambios profundos da sociedade galega. Hoxe hai biólogos desempeñando o seu labor en actividades impensables en 1987. Pero temos aínda reivindicacións pendentes, e no día a día constatamos que aínda é necesario insistir con todos os medios ao noso alcance para lembrarlles aos responsables públicos o dereito dos biólogos a exercer a súa profesión en determinadas áreas de actividade. A situación económica na que vivimos acentúa as dificultades para facer realidade esas reivindicacións.

Os retos que se nos plantexan neste futuro próximo non son basicamente diferentes dos que xa temos enfrontado no pasado, pero agora dispoñemos de máis argumentos que nos permiten defender as nosas posicións con máis eficacia, nomeadamente os nosos Estatutos, as sentenzas dos tribunais que foron apoiando as nosas teses e a nosa propia experiencia no trato coas Administracións. Incluso a existencia dunha sede propia e dignísima, compromiso da anterior Decana e Xunta de Goberno, a quen temos que agradecer o seu empeño para conseguila, contribúe a facer visible o noso colectivo.

Neste sentido queremos comunicarche os obxectivos desta Xunta de Goberno:


- Unha maior presenza institucional e social do COBGA.
- Unha maior implicación colexial nas actividades das Facultades de Bioloxía de Galicia.
- Consolidar a estrutura e eficacia do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Biólogos.
- Acercar máis se cabe o Colexio aos colexiados.
- Dinamizar dun xeito máis eficiente o funcionamento das Comisións Sectoriais.

- E por último, intentar aumentar a base colexial e conquistar con ela unha maior representatividade e solidez económica da institución.

Esperamos a vosa colaboración nestes labores: sexa participando nas Comisións constituídas (<http://www.biologosdegalicia.org/comisions.html> ), sexa poñendo en coñecemento calquera situación discriminatoria, sexa proponendo actividades formativas, etc.

Así pois, na obra hai sitio para todos.

Co meu máis cordial saúdo,



**Coloxio Oficial  
de Biólogos**

José Pelayo Míguez Baños (Decano)